

ESCOLA DA VIDA

A Lei da dependencia asfixia o Benestar

18.07.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A Lei da dependencia supón un recoñecemento social e económico do esforzo que as familias fan por coidar as persoas dependentes que teñen ao seu cargo. Pero esta declaración de boas intencións vólvese socialmente inasumible, pois advírtese o gasto inconmensurable que supón a poboación afectada cando se multiplica polos seus pagamentos mensuais.

Nun Estado como o noso, en que todos os programas electorais de calquera partido político contén sempre a fórmula populista de rebaixa dalgún imposto e onde sempre se mira os servizos que o Estado/Autonomía debe prestarlles aos cidadáns polos dos máis ben provistos, poñer en marcha unha lei destas características é, á vez que facer populismo barato, unha irresponsabilidade manifesta. Nestes intres estamos nun difícil *impasse*. Por un lado, os técnicos non dan acabado de facer a valoración de todos os que se atopan na situación de poder solicitar a axuda correspondente, e, por outro, os políticos seguen a posicionarse en manter este proxecto, reclamándolles os uns a os outros máis financiamento, nunha conxuntura de crise económica en que as arcas das Administracións están medio baleiras.

Así as cousas, e contando ademais con que Administracións, dun ano para outro, moven pouco as cantidades dos orzamentos das súas distintas parcelas, veremos que se isto se traslada á Área de Benestar (ou Servizos Sociais), que nunca goza de grandes contas correntes, a dificultade vai estribar en que sacar sumas importantes para un concepto determinado vai supor o risco de deixar moitas cousas que se estaban a facer prexudicadas. E iso é, moi posiblemente, o que vai acontecer cando estea en plena vixencia a Lei de dependencia. Tradicionalmente, os Servizos Sociais nos países da Europa meridional apoiábanse na familia como elemento de organización e soporte económico, un modelo que grazas á organización entre os familiares dos distintos tipos de afectados á subsidiariedade das Administracións foron cubrindo aquelas necesidades que, particularmente, non podían abordar. Pasar deste modelo ao modelo nórdico, en que todos os recursos sociais son provistos polo Estado, que, primeiramente, llos cobra ao cidadán detraéndolle, pola vía dos impostos, un 50% dos seus ingresos, parece máis unha utopía que unha boa forma de facer política social, máxime cando se está a asfixiar o Estado de Benestar do resto dos cidadáns.